



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II
Promotor	PENA DA COSTA EÓLICA, S.L.
Localización	CONCELLOS DE RODEIRO, DOZÓN, SAN CRISTOVO DE CEA E PIÑOR
Expediente	IN408A 2020/17

SOLICITANTE : Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 12/09/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1806246, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 13/06/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo.

Sinalar que inda que non se aportaron os datos de modelización dos niveis sonoros tendo en conta os resultados do estudo preoperacional, considerando as zonas que

abarcen as isófonas do estudo de modelización, non se espera que se superen os limiares do nivel do ruído durante a fase de explotación do parque. Isto comprobarase durante o seguimento dos niveis sonoros, tanto durante a fase de obras como de funcionamento.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

